

## Luís Seoane: estética e compromiso

**Basilio Losada**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

LOSADA, BASILIO (2011 [1994]). “Luís Seoane: estética e compromiso”. En *Commemoración das Letras Galegas 1994 na Universitat de Barcelona. Homenaxe a Luís Seoane (Buenos Aires, 1910-A Coruña, 1979)*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 5-7. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/660>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

LOSADA, BASILIO (1994). “Luís Seoane: estética e compromiso”. En *Commemoración das Letras Galegas 1994 na Universitat de Barcelona. Homenaxe a Luís Seoane (Buenos Aires, 1910-A Coruña, 1979)*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 5-7.

\* Edición dispoñíbel desde o 18 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## **LUÍS SEOANE: ESTÉTICA E COMPROMISO,** **polo prof. Basilio Losada**

Seoane pintor, Seoane gravador, Seoane poeta, Seoane home de teatro -unha das máis sinceras e fondas vocacións pola arte dramática que eu teña coñecido, Seoane animador de empresas culturais, pero fundamentalmente o home, cordial, aberto, xeneroso, vitalísimo, apaixonado. Un home que viviu para Galicia e que a Galicia llo deu todo. Porque por riba da súa actividade diversa -que non dispersa- e fecundísima, hai que poñer a súa exemplar dimensión ética, o inmenso e arrebatado amor a Galicia, a nobilísima paixón con que a sentiu e defendeu.

Unha vida sen fisuras, sen sombras, unha caudalosa entrega a todo o que servise para enaltecer o nome de Galicia, e un amor e unha ilimitada capacidade de comprensión cara ó home galego, cara ó home do pobo e por riba de todo cara ó emigrante, co que se identificou non só por unha serie de avatares biográficos senón e por riba de todo, por unha vontade de comunicación nas angueiras e nos dramas da nosa xente máis humilde.

Seoane deixou o exemplo dunha vida cabal, recta, de honestidades, sen a mínima concesión ó oportunismo nin ás regalías accesibles pola baixeza ou a claudicación. Gañouno todo -fama, nome, unha situación cómoda e abastada- polo seu esforzo e o seu xenio, e aínda esta xenialidade foi tamén, en gran parte, froito dun traballo cotián de aperfeizoamento máis que da posesión dunha facilidade innata. A consecuencia desta personalidade rexa e sen creba é a unidade esencial en todo canto fixo.

Moitas veces teño matinado nos elementos comúns entre a súa pintura e os seus poemas. Na pintura, os elementos cromáticos revóltanse contra da tiranía da liña, desbórdana; as manchas de cor, amplas, consistentes, son o pulo emocional que a liña non pode conter. Tamén na súa poesía a paixón chouta por riba das canles estrictas da arquitectura do poema, e precisa a andadura longa, o verso dilatado. Dixen unha vez que, máis que un máximo, Seoane era un lóxico carregado de paixón. E era no mural onde esta característica do seu tempero atopaba a dimensión exacta para o seu esforzo.

---

Tiven a sorte de ver os seus murais de Buenos Aires, algún deles como o do Teatro San Martín, unha inmensa superficie estoupante de cor incontible, un desborde de indómita paixón cromática que a liña non podía cinguir, disciplinar. E víase alí o alento épico que enche a súa poesía, feita para o recitado máis que para o lento, íntimo e solidario paladeo. E pensei tamén que Galicia, os ricos e poderosos da nosa terra, non souberon aproveitar o talento xigantesco deste artista que precisaba espacios á medida do seu corazón.

Nin por formación, nin por tempero, nin por convicción se axeitaba Seoane ós lindeiros mínimos da pintura de cabalete, pintura que se fai para vender, para que acougue nela a cobiza posesiva de quen pode pagala, posuía, gustar dela só para si, como dunha mercadoría. Díciame Seoane -díxomo moitas veces- que a el lle gustaría decorar estacións do ferrocarril, prazas públicas, os muros dun mercado, espacios onde a súa obra puidese ser vista e posuída por todos, coma os frescos do románico, nunha época en que as artes aínda non tiñan unha calificación clasista e non había unha arte requintada para os poseores e unha arte deturpada, bastardeada para os desposuídos.

Esta forza contida, esta tensión creadora máxima, non era empecemento para que Seoane fose tamén artista dunha técnica traballada e minuciosa. Foi home de aprendizaxe e de evolución moi lenta. En realidade, na súa pintura pódese seguir o proceso creador a traveso de dúas épocas ben definidas: unha primeira, aló polos anos corenta e cincuenta, dominada pola preocupación do realismo social. E a época dos seus cadros primeiros, das capas que debuxou para as edicións arxentinas de Losada dos seus primeiros álbumes. Logo, progresivamente liberado de calquera apriorismo, atopou o xeito propio e inconfundible nas cores planas, sen matices, nas formas a penas apuntadas, na liña que era só unha insinuación ó contemplador non avisado que precisase identificar o rigor cromático cun aspecto concreto do seu entorno. E a rebelión da cor chegaba a se facer indomeñable nos seus derradeiros cadros, e a liña íase convertendo nun primor caligráfico con tendencia a vivir de seu, independentemente, a materia e a forma disgregadas, a lóxica delongada día a día pola paixón.

Seoane sabía moi ben o seu oficio, cunha consciencia que lle viña de moitas horas de cismar e de contemplar. Sei de poucos homes que coma el coñecesen o mundo da plástica contemporánea e que fosen capaces de reducir a esquemas comprensibles a aparente anarquía das últimas décadas. Viaxou moito, viu canto había que ver, e non con ollos cansos de turista, senón con

---

intelixencia moi clara e moi aberta. O seu coñecemento do expresionismo alemán era seguro e fondo, e valoraba na escola, por riba de todo, a súa capacidade crítica, o seu asento nunha realidade concreta e a súa vontade subversiva. Pero soubo tamén axustar a súa capacidade de comprensión a algo tan alleo ó seu tempero como era a mensaxe informalista. Esta mestría técnica e mailo coñecemento reflexivo da pintura contemporánea non o levaron polos camiños do requinte esteticista.

Seoane pensou sempre nunha arte que era dunha terra concreta, a súa, e dun tempo concreto, o difícil que lle tocou vivir. A emigración foi a súa escola de virtudes humanas. De aí a fogaxe, o xeito alporizado con que reaxiu diante uns poemas de Celso Emilio que el interpretou -erradamente- coma un ataque indiscriminado aos emigrantes. E esta reacción, que tantos lle criticaron, dá a medida cabal da súa honestidade. Saiu en defensa dos que coidaba aldraxados, dos que non podían ou non sabían erguerse en defensa propia.

A súa obra poética e a súa laboura pictórica son a resposta por camiños diferentes a unha idéntica inquedanza. Son a resposta dende a mesma actitude insobornablemente ética. Penso que algúns dos seus poemas, por máis defectos que os puristas lle atopen ou lles queiran apoñer, van ter por moito tempo -para sempre quizais- a mesma forza, a carga de emoción comunicativa con que foron creados.

Basilio Losada

